

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

#### **BASES Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA EL FOMENTO DE ACTIVIDADES A FAVOR DE LA IGUALDAD DE OPORTUNIDADES ENTRE MUJERES Y HOMBRES Y DE PREVENCIÓN Y LUCHA CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO**

BDNS(Identif.):352377

#### **Título**

Extracto del acuerdo n.º 17 de 16 de junio de 2017 de la junta de gobierno local del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, por la que se aprobaron las bases y la convocatoria de iniciación del procedimiento de las subvenciones para el fomento de actividades a favor de la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres, y la prevención y lucha contra la violencia de género, para el año 2017.

#### **Texto**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b e 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>).

#### **Primero.-Beneficiarias.**

Podrá tener la condición de entidad beneficiaria cualquier asociación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, que cumpla con los siguientes requisitos: a) Estar inscrita en el registro municipal de asociaciones y, en caso de estarlo, tener actualizados todos sus datos, por lo que cualquier cambio surgido desde su inscripción o última actualización, deberá comunicarse por escrito al Departamento de Igualdad junto con la solicitud. b) Carecer de fines de lucro. c) Desarrollar principalmente sus actividades en el Ayuntamiento de Santiago de Compostela. d) Estar al corriente, en su caso, en las justificaciones de otras subvenciones concedidas por el Ayuntamiento de Santiago. e) Estar al corriente en sus obligaciones tributarias con el Ayuntamiento, Agencia Tributaria y Comunidad Autónoma y con la Seguridad Social. f) No estar incluida en alguno de los supuestos de prohibición o incompatibilidad previstos en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones. No tendrán la condición de beneficiarias las entidades arriba señaladas en las que concurren alguna de las circunstancias indicadas en los apartados 2.º) y 3.º) del artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, o apartados 2.º) y 3.º) del artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia. g) Tener como objetivo expreso en sus estatutos o entre sus fines institucionales la igualdad de oportunidades y de trato entre mujeres y hombres.

**Segundo.-Objeto:** subvencionar programas y actividades que persigan: Línea 1. Fortalecimiento y empoderamiento del movimiento asociativo en el ámbito de los derechos de las mujeres y LGTBI del municipio de Santiago. El objeto de esta línea es el de apoyar económicamente los gastos de dinamización asociativa para contribuir al fortalecimiento y empoderamiento colectivo del movimiento asociativo activo por la igualdad y la diversidad sexual en el ayuntamiento de Santiago de Compostela. Línea 2: Actividades de fomento de la igualdad entre mujeres y hombres. El objeto de esta línea es el de apoyar la realización de actividades y el desenvolvimiento de iniciativas que promuevan la igualdad de género, comprendiendo alguna de las siguientes actuaciones: 1. Actividades de sensibilización y fomento de la igualdad de oportunidades y trato entre mujeres y hombres. 2. Formación a la población juvenil en valores de igualdad de oportunidades para mujeres y hombres. 3. Talleres en materia de igualdad, coeducación y prevención de la violencia de género. 4. Actividades que fomenten la corresponsabilidad familiar y el cambio de conductas en materia de conciliación, y reparto de responsabilidades de las tareas domésticas y de cuidados. 5. Acciones relacionadas con la salud de las mujeres y su bienestar general: talleres, charlas, cursos o conferencias sobre hábitos de vida saludables; detección precoz de enfermedades; trastornos de la alimentación; relaciones afectivo-sexuales; autoestima e imagen corporal; fomento de la práctica de actividades físicas... 6. Formación en lenguaje no sexista. 7. Campañas a favor de juguetes no sexistas. Actividades de sensibilización sobre los efectos de los juguetes sexistas en los niños y niñas. 8. Actividades de información y sensibilización sobre roles y estereotipos de género, su repercusión en la vida de mujeres y hombres en el espacio público e privado. 9. Acciones sobre

la educación en igualdad, derechos, servicios y recursos para las mujeres. 10. Actividades para visibilizar el papel de las mujeres en la historia, en el arte, en la literatura, en la política, en la ciencia, en el deporte... 11. Actividades de formación y/o información dirigidas a las mujeres del espacio rural sobre mejoras para el desenvolvimiento de este sector productivo. 12. Actividades de formación y de promoción del acceso y uso de las nuevas tecnologías. 13. Actividades que fomenten la participación social de las mujeres. 14. Actividades que fomenten las relaciones intergeneracionales e interterritoriales entre mujeres. 15. Actividades que promuevan el empoderamiento de las mujeres. 16. Actividades específicas dirigidas a mujeres que puedan estar en riesgo de exclusión social o sufrir discriminación múltiple por sus condiciones físicas, psíquicas, de etnia, edad, diversidad sexual, localización geográfica y otras circunstancias. Línea 3: Actividades para la prevención de las violencias machistas en el municipio de Compostela. El objeto de esta línea es el de apoyar la puesta en marcha y/o el desenvolvimiento de actividades e iniciativas conducentes a avanzar de cara a una ciudad libre de violencias machistas.: 1. Actividades de formación/información, sensibilización e prevención de la violencia de género: talleres de formación en la violencia de género; actos o campañas de sensibilización; actos conmemorativos del 25 de noviembre, Día internacional contra la violencia de género... 2. Sensibilizar a la población para la prevención, detección y denuncia de situaciones de violencia frente a las mujeres. 3. Cualquiera otra acción dirigida a la erradicación de la violencia de género.

#### **Tercero.-Bases reguladoras.**

Bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de Santiago de Compostela para el año 2017 y las bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

#### **Cuarto.-Cuantía.**

Para el financiamiento de las subvenciones objeto de esta convocatoria se destina un crédito presupuestario por importe de 27.500,00 €. Podrá subvencionarse el cien por cien del presupuesto presentado, no pudiendo superar, en todo caso, la cuantía máxima da subvención que es de 3.000 €. por asociación.

#### **Quinto.-Plazo e lugar de presentación de solicitudes.**

Las solicitudes se presentarán, en el plazo de 15 días naturales, contados a partir del siguiente a la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las solicitudes de subvención a esta convocatoria, se presentaran en el Registro General del Concello, en el Registro Auxiliar del Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado 14-16, bajo o bien en cualquiera de los lugares indicados en el apartado 4), del artículo 16, de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, teniendo en cuenta que el horario del Registro Municipal entre los días 19 de junio a 8 de setiembre de 2017, para la recepción de solicitudes, será de 09.00 a 13.00 horas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

16/6/2017

MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ

### **BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES A PROL DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

BDNS(Identif.):352377

#### **Título**

**Extracto do acordo n.º 17, do 16 de xuño de 2017, da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, pola que se aprobaron as bases e convocatoria e iniciación do procedemento das subvencións para o fomento de actividades a prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e prevención e loita contra a violencia de xénero, para o ano 2017.**

#### **Texto**

De conformidade có previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>)

**Primeiro.-Beneficiarias.**

Poderá ter a condición de entidade beneficiaria calquera asociación do Concello de Santiago de Compostela, que cumpra os seguintes requisitos: a)Estar inscrita no rexistro municipal de asociacións e, no caso de estalo, ter actualizados todos os seus datos, polo que calquera cambio xurdido dende a súa inscrición ou última actualización, deberá comunicarse por escrito ao Departamento de Igualdade xunto á solicitude.b)Carecer de fins de lucro.c) Desenvolver principalmente as súas actividades no Concello de Santiago de Compostela. d) Estar ao corrente, no seu caso, nas xustificacións doutras subvencións concedidas polo Concello de Santiago.e)Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. f)Non estar incluídas nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.Non terán a condición de beneficiarias as entidades arriba sinaladas nas que concorran algunha das circunstancias indicadas no apartado 2.º) e 3.º) do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ou apartados 2.º) e 3.º) do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. g)Ter como obxectivo expreso nos seus estatutos ou entre os seus fins institucionais a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.

**Segundo.-Obxecto:** subvencionar programas e actividades que persigan: Liña 1. Fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo no ámbito dos dereitos das mulleres e LGTBI do municipio de Santiago. O obxecto desta liña é o de apoiar economicamente os gastos de dinamización asociativa para contribuír ao fortalecemento e empoderamento colectivo do movemento asociativo activo pola igualdade e a diversidade sexual no concello de Santiago de Compostela. Liña 2: Actividades de fomento da igualdade entre mulleres e homes. O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e desenvolvemento de iniciativas que promovan a igualdade de xénero, comprendendo algunha das seguintes actuacións: 1. Actividades de sensibilización e fomento da igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes. 2. Formación á poboación xuvenil en valores de igualdade de oportunidades para mulleres e homes. 3. Obradoiros en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero. 4. Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de condutas en materia de conciliación, e reparto de responsabilidades das tarefas doméstica e de coidado. 5. Accións relacionadas coa saúde da mulleres e o seu benestar xeral: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudables; detección precoz de enfermidades; trastornos da alimentación; relacións afectivo-sexuais; autoestima e imaxe corporal; fomento da práctica de actividades físicas... 6. Formación en linguaxe non sexista. 7. Campañas a prol do xoguete non sexista. Actividades de sensibilización sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas. 8. Actividades de información e sensibilización sobre roles e estereotipos de xénero, a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado. 9. Accións sobre a educación en igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres. 10. Actividades para visibilizar o papel das mulleres na historia, na arte, na literatura, na política, na ciencia, no deporte... 11. Actividades de formación e/ou información dirixidas ás mulleres do eido rural sobre melloras para o desenvolvemento deste sector produtivo. 12. Actividades de formación e de promoción do acceso e uso das novas tecnoloxías. 13. Actividades que fomenten a participación social das mulleres. 14. Actividades que fomenten as relacións interxeracionais e interterritoriais entre mulleres. 15. Actividades que promovan o empoderamento das mulleres. 16. Actividades específicas dirixidas a mulleres que poidan estar en risco de exclusión social ou sufrir discriminación múltiple polas súas condicións físicas, psíquicas, de etnia, idade, diversidade sexual, localización xeográfica e outras circunstancias. Liña 3: Actividades para a prevención das violencias machistas no municipio de Compostela. O obxecto desta liña é o de apoiar a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de actividades e iniciativas conducentes a avanzar cara a unha cidade libre de violencias machistas.: 1. Actividades de formación/información, sensibilización e prevención da violencia de xénero: obradoiros de formación na violencia de xénero; actos ou campañas de sensibilización; actos conmemorativos do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero... 2. Sensibilizar á poboación para a prevención, detección e denuncia de situacións de violencia cara as mulleres. 3.Calquera outra acción dirixida á erradicación da violencia de xénero.

**Terceiro.-Bases reguladoras.**

Bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 e as bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

**Cuarto.-Contía.**

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito orzamentario por importe de 27.500,00 €. Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a contía máxima da subvención que é de 3.000 € por asociación.

**Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes.**

Las solicitudes se presentarán, no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de subvención a esta convocatoria, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no Rexistro Auxiliar do Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16, baixo ou ben en calquera dos lugares indicados no apartado 4), do artigo 16, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, tendo en conta que o horario do Rexistro Municipal entre os días 19 de xuño a 8 de setembro de 2017, para a recepción de solicitudes, será de 09.00 a 13.00 horas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

16/6/2017

MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ

---

2017/5473